

PROGRAMACIÓN PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA

INTRODUCCIÓN

Os Puntos de Atención a Infancia están dirixidos a nenos de 0 a 3 anos, e o seu obxectivo fundamental é responder ás necesidades tanto sociais como educativas do neno e da súa familia, mediante a súa atención diaria no seno dun grupo de iguais, e coa proposta de actividades axeitadas a cada idade na asistencia regular ó mesmo.

Os usuarios do PAI: os nenos/as proceden na súa maioría do medio rural, viven en núcleos illados, e en moitos casos son os avós quen se encargan do seu coidado mentres son pequeniños, xa que é frecuente a convivencia na mesma casa de tres xeracións. Pretendemos que os nenos/as cando cheguen a escola teñen desenvolto hábitos de socialización, habilidades e capacidades, xunto coa adquisición de linguaxe, e principalmente que compartan o seu tempo con outros nenos/as. Daquí xurde a necesidade do PAI, para dar resposta a estas necesidades, para potenciar o máximo o desenvolvemento intelectual e persoal.

OBXECTIVOS:

Nenos/as de 0 a 1

ÁREA: Identidade e Autonomía persoal

OBXECTIVO: Coñecer e controlar o seu propio corpo.

BLOQUE DE CONTIDOS: O corpo e a propia imaxe

CONCEPTOS:

- Condutas reflexas: Succión, deglutición, pestanexo, orientación, flexión, extensión, reptación...
- Movementos do corpo globais e segmentarios (cabeza, pescozo, cintura, mans, pes, dedos...)
- Sentidos: reacción a luz, son, gusto, tacto e olfacto.
- Sensacións propias: (risa, choro, benestar, calor e frío)

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das condutas reflexas do neno por parte do adulto: estimulación dos pálpebras, da man, da planta do pé, postura, etc...
- Mobilización das distintas partes do corpo, por estimulación motriz.
- Estimulación sensorial: cores, luz, ambientación, ruídos, miradas, voces, sabores, obxectos, contacto persoal, olor das persoas e das cousas.

- Estimulacións de sensacións e percepcións.

ACTITUDES:

- Pracer e gusto en explorar o seu propio corpo e nos movementos que realiza con distintas partes do corpo.

OBXECTIVO: Aprender a xogar e adquirir unha maior destreza nos movementos.

BLOQUE DE CONTIDOS: Xogo e movemento

CONCEPTOS:

- Movementos e posturas do corpo (boca arriba, boca abaixo, sentado, de pé, de lado, xiro, balanceo, equilibrio).
- Movementos locomotores: reptación, gateo, primeiros pasos, balanceo, empurrar, arrastrar...
- Movementos de prensión: coller, apertar, tirar, abrir, pechar, estirar, golpear e dobrar...

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das posibilidades motrices do corpo.
- Exploración postural.
- Adquisición progresiva de habilidades motricidades novas: sentarse, gatear, poñerse de pé con e sen apoio, camiñar con apoio ou sen apoio, agocharse e levantarse...

ACTITUDES:

- Pracer nas actividades sensoriomotoras.

OBXECTIVO: Coordinar paulatinamente o seu comportamento co dos demais nas distintas actividades, gozar coas mesmas e utilízalas para os seus intereses e coñecementos.

BLOQUE DE CONTIDOS: A actividade e a vida cotiá.

CONCEPTOS:

- Rutina.
- Normas de convivencia.
- Hábitos de atención e observación.

PROCEDEMENTOS:

- Cumprimento progresivo das normas básicas de relación e convivencia.
- Adquisición de hábitos de atención e observación.

ACTITUDES:

- Autonomía progresiva das actividades.

- Actitude de axuda e colaboración.

OBXECTIVOS: Ir adquirindo progresivamente hábitos relacionados coa saúde, hixiene, alimentación e limpeza.

BLOQUE DE CONTIDOS: Coidado dun mesmo.

CONCEPTOS:

- Hábitos de limpeza, alimentación e descanso
- Comida, hixiene, descanso

PROCEDEMENTOS:

- Adquirir progresivamente hábitos relacionados coa hixiene, comida e descanso, colaborando pouco a pouco.

ACTITUDES:

- Gusto e pracer nas actividades de hixiene, alimentación e descanso.

ÁREA: Medio Físico e Social

OBXECTIVO: Descubrir, observar e explorar os obxectos do seu entorno.

BLOQUE DE CONTIDOS: Os obxectos

CONCEPTOS:

- Obxectos de diferentes formas, texturas, cores, materiais, etc

PROCEDEMENTOS:

- Manipulación e exploración de obxectos do seu entorno e adaptación progresiva as súas características.

ACTITUDES:

- Manipular e explorar obxectos

OBXECTIVO: Participar progresivamente, na medida das súas posibilidades na vida familiar e social do seu entorno.

BLOQUE DE CONTIDOS: Os primeiros grupos sociais.

CONCEPTOS:

- Rutina progresiva
- Xogo, en ratos de vixilia

PROCEDEMENTOS:

- Incorporación progresiva a unha rutina, colaborando progresivamente con ela.
- Observación e exploración do entorno máis inmediato

ACTITUDES:

- Interés e atención polas actividades, acontecementos e sucesos humanos do entorno máis próximo.
- Actitude e apositiva ante as demostracións de afecto dos adultos e dos demais nenos.

OBXECTIVO: Adquirir progresivamente a coordinación e o control dinámico do propio corpo nas actividades sensoriomotoras e sentir o gusto e pracer con elas.

BLOQUE DE CONTIDOS: Xogo e movemento.

CONCEPTOS:

- Movemento e posturas do corpo.

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das posibilidades motrices do propio corpo coa axuda dun adulto.
- Adquisición progresiva de habilidades motrices novas.

ACTITUDES:

- Pracer das actividades sensomotoras.

ÁREA: De comunicación e representación.

OBXECTIVO: Utilizar as distintas formas de representación e expresión como disfrute e pracer e ir familiarizándose con algunhas técnicas.

BLOQUE DE CONTIDOS: Expresión plástica

CONCEPTOS:

- Materiais: Pintura de dedos, ceras..
- El color.
- Técnicas: Pintura, enrrugado e estampado.

PROCEDEMENTOS:

- Iniciación na exploración e utilización dalgúns materiais e algunhas técnicas
- Manipulación de obxectos de diversas cores.

ACTITUDES:

- Gusto por manipular materiais

Nenos/as de 1 a 2 anos

ÁREA: Identidade e Autonomía persoal

OBXECTIVO: Coñecer pouco a pouco o propio corpo e identificar algúns segmentos, construíndo, progresivamente unha imaxe positiva de sí mesmo.

BLOQUE DE CONTIDOS: O corpo e a propia imaxe

CONCEPTOS:

- O corpo.Segmentos e elementos
- Os sentidos.
- As sensacións propias (risa,choros, ledo...)

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das partes do propio corpo e identificación dalgunhas delas.
- Potenciación dos sentidos: ulindo, escoitando, palpando, vendo.
- Manifestación de emocións.

ACTITUDES:

- Pracer e gusto en explorar o propio corpo.
- Actitude positiva ante as demostracións de afecto dos adultos e dos demais nenos/as.

OBXECTIVO: Adquirir progresivamente a coordinación e o control dinámico do propio corpo nas actividades sensoriomotoras e sentir gusto e pracer nelas.

BLOQUE DE CONTIDOS: Xogo e movemento.

CONCEPTOS:

- Movementos de posturas do corpo (gatear, camiñar, arrastrarse, sentarse, subir, baixar, tirar, lanzar, garabatear.....)

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das posibilidades motrices do propio corpo coa axuda dos adultos.
- Adquisición progresiva de habilidades motrices novas.

ACTITUDES:

- Pracer nas actividades senso-motoras.

OBXECTIVO: Adquirir progresiva autonomía nas rutinas e actividades cotiás, colaborando cos adultos e disfrutando delas.

BLOQUE DE CONTIDOS:A actividade e a vida cotiá.

CONCEPTOS:

- A rutina.
- Normas elementales de convivencia.

- Hábitos de atención e observación.

PROCEDEMENTOS:

- Incorporación progresiva ás rutinas do grupo.
- Colaboración activa no aseo, no vestido, na comida.
- Cumprimento progresivo das normas de convivencia.

ACTITUDES:

- Autonomía progresiva nas rutinas e no xogo.

OBXECTIVO: Manifestar e regular progresivamente as necesidades básicas en situacións cotiás, adquirindo progresivamente hábitos relacionados coa alimentación, o descanso e a hixiene.

BLOQUE DE CONTIDOS: Coidado dun mesmo.

CONCEPTOS:

- Fame, sede, control esfínteres.
- Hábitos de limpeza, alimentación e descanso.

PROCEDEMENTOS:

- Manifestacións e regulación progresiva das necesidades básicas, adquirindo progresivamente hábitos relacionados coa hixiene, a comida e o descanso.

ACTITUDES:

- Gusto e pracer na comida, polas actividades de hixiene e descanso.

ÁREA: Medio físico e social

OBXECTIVO: Observar e explorar o seu entorno inmediato coa axuda do adulto. Adaptándose ó grupo.

BLOQUE DE CONTIDOS: Os primeiros grupos sociais.

CONCEPTOS:

- O Punto de Atención a Infancia: adultos e nenos/as.
- Tempo de descanso, hixiene, comida....

PROCEDEMENTOS:

- Adaptación o PAI.

ACTITUDES:

- Inicio da tolerancia hacia a espera.

OBXECTIVO: Coñecer os cambios temporais.

BLOQUE DE CONTIDOS: O entorno.

CONCEPTOS:

- As estacións.

PROCEDEMENTOS:

- Observacións e atención ás manifestacións do entorno.

ACTITUDES:

- Curiosidade ante as manifestacións do entorno.

ÁREA: Comunicación e representación

OBXECTIVO: Comprender e utilizar, de xeito progresivo e correcta linguaxe oral e xestual, para comunicarse. Gozar escoitando e reproducindo algunhas verbas de textos de tradición oral.

BLOQUE DE CONTIDOS: A linguaxe oral.

CONCEPTOS:

- Vocabulario funcional e cotidiá.
- Contos curtos e sencillos.

PROCEDEMENTOS:

- Comprensión de mensaxes sinxelos.
- Producción progresiva de palabras habituais e de frases curtas. Iniciación na comprensión de contos.

ACTITUDES:

- Interése e esforzo por mellorar e enriquecer o seu vocabulario.
- Atención e escoita cara ós contos.

OBXECTIVO: Familiarizarse coa linguaxe escrita.

BLOQUE DE CONTIDOS: Aproximación a linguaxe.

CONCEPTOS:

- Contos, carteis,...
- O propio nome.

PROCEDEMENTOS:

- Interpretación de imaxes cotiás.
- Atención e comprensión de contos e narracións sinxelas.

OBXECTIVO: Utilizar as distintas formas de representación e expresión como disfrute e pracer e ir

familiarizándose con algunhas técnicas.

BLOQUE DE CONTIDOS: Expresión plástica.

CONCEPTOS:

- Materiais (pintura de dedos, ceras, rotuladores,..).Técnicas (enrrugado, resgado,...)

PROCEDEMENTOS:

- Iniciación na exploración e utilización dalgúns materiais e algunhas técnicas.
- Manipulación de obxectos de diversas cores.

ACTITUDES:

- Gusto por manipular materiais.

BLOQUE DE CONTIDOS: Expresión musical.

CONCEPTOS:

- Sons e onomatopeas de animais, do entorno e do propio corpo.
- Cancións sinxelas.
- Baile libre.
- Audición de fragmentos de música clásica.

PROCEDEMENTOS:

- Exploración das propiedades sonoras do corpo e de obxectos cotiáns.
- Interpretación de cancións sencillas.
- Moverse ó ritmo da música. Audición de música clásica.

ACTITUDES:

- Gusto por descubrir e producir sons.
- Disfrute con canto e o baile.
- Actitude relaxada durante as audicións.

BLOQUE DE CONTIDOS: Expresión corporal

CONCEPTOS:

- Xogo de imitación e xogo simbólico.
- Relaxación corporal

PROCEDEMENTOS:

- Utilización das posibilidades expresivas do corpo.
- Imitación de accións, xestos....

ACTITUDES:

- Disfrute cos xogos de imitar accións.

OBXECTIVO: Empregar a nivel moi elemental, as posibilidades da lóxica matemática para describir

propiedades dalgúns obxectos e situacións do entorno.

BLOQUE DE CONTIDOS: Relacións, medidas e representación no espazo.

CONCEPTOS:

- O corpo no espazo.
- Propiedades dos obxectos.
- Ordenar, clasificar, encaixar.

PROCEDEMENTOS:

- Manipulación de obxectos de diferentes formas, cores, tamaños...
- Exploración, experimentación de cantidades.
- Ordenación de obxectos.

ACTITUDES:

- Interés por percibir propiedades dos obxectos.
- Disfrute coa clasificación de materiais.
- Interés por identificar cantidades de moitos e poucos elementos.

Nenos/as de 2 a 3 anos

ÁREA: Identidade e Autonomía persoal

OBXECTIVO: Coñecer pouco a pouco o seu propio corpo, as súas características e capacidades construíndo progresivamente unha imaxe positiva dun mesmo.

BLOQUE DE CONTIDOS: O corpo e a súa propia imaxe.

CONCEPTOS:

- O corpo

PROCEDEMENTOS:

- Exploración e identificación de algunhas partes do seu corpo.

ACTITUDES:

- Interese por identificar partes do corpo.

OBXECTIVO: Adquirir progresivamente unha maior coordinación e control dinámico do propio corpo nas distintas actividades.

BLOQUE DE CONTIDOS: O xogo e o movemento

CONCEPTOS:

- Grafomotricidade e garabateo.
- Orientación no espazo: Dentro- fóra; arriba- abaixo; lonxe- cerca.
- Movementos e posturas do corpo.

PROCEDEMENTOS:

- Control progresivo de habilidades manipulativas de carácter fino e exploración e adquisición de habilidades motrices novas.
- Desprazamento e situación no espazo real.

ACTITUDES:

- Actitude positiva ante a expresión gráfica.
- Gusto polo exercicio físico.

OBXECTIVO: Coordinar paulatinamente o seu comportamento co dos demais nas distintas actividades, disfrutar coas mesmas e utilízalas para os seus intereses e coñecementos.

BLOQUE DE CONTIDOS: A actividade e a vida cotidiá.

CONCEPTOS:

- Rutina.
- Normas de convivencia.
- Hábitos de atención e observación.

PROCEDEMENTOS:

- Cumprimento progresivo das normas básicas de relación e convivencia.
- Adquisición de hábitos de atención e observación.

ACTITUDES:

- Autonomía progresiva das actividades.
- Actitude de axuda e colaboración

OBXECTIVO: Ir adquirindo progresivamente hábitos relacionados coa saúde, hixiene, alimentación e limpeza.

BLOQUE DE CONTIDOS: Coidado de un mesmo

CONCEPTOS:

- Hábitos de limpeza, alimentación e descanso.
- Limpeza, coidado e hixiene dos alimentos do seu entorno máis inmediato coa axuda do adulto.

PROCEDEMENTOS:

- Adquisición progresiva de hábitos relacionados coa hixiene, a comida e o descanso

ACTITUDES:

- Gusto polas actividades de hixiene.
- Actitude positiva ante a comida e o descanso.

ÁREA: Medio físico e social

OBXECTIVO: Participar progresivamente nos grupos cos que se relaciona, aceptando o afecto que se lles dirixe e expresando os sentimentos no marco dunhas relacións afectuosas e equilibradas.

BLOQUE DE CONTIDOS: A vida en sociedade

CONCEPTOS:

- As estacións: Outono, inverno, primaveira e verán.
- Feitos relevantes: Nadal, o entroido.

PROCEDEMENTOS:

- Observación guiada dos elementos da paisaxe nas distintas estacións e identificación dalgunhas das súas características

ACTITUDES:

- Respecto os elementos do entorno

OBXECTIVO: Descubrir, observar, e explorar os obxectos do seu entorno, organizalos e compartilos.

BLOQUE DE CONTIDOS: Os obxectos

CONCEPTOS:

- Obxectos habituais, funcións e utilizacións.
- Os xoguetes.

PROCEDEMENTOS:

- Exploración manipulación e utilización de obxectos do seu entorno, identificando as súas características.

ACTITUDES:

- Actitude positiva por compartir os obxectos, respectalos e coidalos.

ÁREA: Comunicación e representación

OBXECTIVO: Comprender e utilizar, de maneira progresiva e correcta, a linguaxe oral e xestual para comunicarse e ir utilizando progresivamente técnicas e recursos básicos das distintas formas de representación e expresión.

BLOQUE DE CONTIDOS:Linguaxe

CONCEPTOS:

- Vocabulario habitual e relativo os centros de interese.
- Contos actuais e populares. Poemas e sarnas.
- Construción de frases.

PROCEDEMENTOS:

- .Iniciación na comprensión e reprodución de fragmentos de textos de tradición cultural: contos, sarnas...
- Construción de frases.

ACTITUDES:

- Interese e esforzo por mellorar e enriquecer a pronunciación.
- Atención e escoita os diálogos.
- Interese polos textos de tradición cultural.

OBXECTIVO: Gozar escoitando textos de tradición oral e reproducindo algúns fragmentos

BLOQUE DE CONTIDOS: Aproximación a linguaxe escrita

CONCEPTOS:

- Contos, etiquetas, carteles, revistas...
- Pictograma e logotipos

PROCEDEMENTOS:

- Interpretación de imaxes.
- Atención e comprensión de contos e narracións sinxelas.
- Observación do seu nome escrito

ACTITUDES:

- Gusto e pracer por escoitar e mirar contos.

OBXECTIVO:Interesarse pola linguaxe escrita, lendo e interpretando imaxes e algunhas palabras significativas.

BLOQUE DE CONTIDOS: Expresión plástica

CONCEPTOS:

- Materiais: temperas, ceras...
- Técnicas: engurrado, estampado...
- Cores: amarelo, vermello, azul, verde.

PROCEDEMENTOS:

- Iniciación na exploración e utilización de materiais para expresión plástica e emprego de técnicas e

utensilios.

- Percepción de cor amarelo, vermello, roxo, azul e verde.

ACTITUDES:

- Interese nas elaboracións plásticas.
- Coidado de materiais e utensilios.
- Interese por coñecer as cores

OBXECTIVO: Utilizar na medida das posibilidades a lóxica-matemática, para describir propiedades dalgúns obxectos e situacións do entorno.

BLOQUE DE CONTIDOS: Relacións e medidas no espazo.

CONCEPTOS:

- Os corpos no espazo: dentro-fóra; preto-lonxe.
- Cuantificadores: moito-pouco...
- Clasificacións

PROCEDEMENTOS:

- Experimentación de cantidades.
- Clasificación de obxectos atendendo a cor e a forma.
- Situacións e desprazamentos de obxectos: dentro-fóra...

ACTITUDES:

- Disfrute coa clasificación dos materiais.
- Interese polas propiedades dos obxectos.
- Interese por identificar cantidades.

PAUTAS PARA FACILITAR AS ACTIVIDADES:

Primeiro, presentar os materiais.

Segundo, ofrecérllelo para que o manipulen.

Terceiro, respectar a actitude de neno/a.

Cuarto, actitude integradora do neno/a (espontánea, de disfrute, presentalo como algo divertido.

Quinto, adecuar un espazo para cada actividade.

Sexto, traballar o tema.

Pautas de comportamento: o respecto, fomentar a actitude de traballo en grupo distribuíndo tarefas e cooperando con idades diferentes, potenciar a creatividade e a autoestima.

O rematar a actividade hai que traballar: a actitude de recollida, esperar con paciencia e potenciar que todos, con gusto ou sen el participen na recollida.

A ENTRADA: un momento moi importante para o neno /a e a familia, tratase de recibir os nenos/as de forma que non sintan tristeza por despedirse do pai/nai ou calquera outro familiar que o acompañe o PAI.

1.- AS RUTINAS QUE VIVIRÁN CO PERSOAL DE ATENCIÓN Á INFANCIA:

1.1.- RUTINAS DA VIDA COTIÁ, semellantes ás vividas en familia:

HORARIO	RUTINA
8:30	A ENTRADA
9:00 - 9:30	O ALMORZO
9:10 -10:30	O XOGO LIBRE/ RECOLLIDA
10:30 -10:45	ASEO
10:45 -11:15	O CORRO OU ASEMBLEA
11:15 -11:50	ACTIVIDADE DIRIXIDA/ RECOLLIDA
11:50 - 12:05	ASEO
12:05 - 12:25	O CONTO
12:25 - 12:40	ASEO/ 1ª SAÍDA
12:40 - 13:30	XANTAR/ 2ª SAÍDA
13:30 - 15:30	SESTA
15:30 - 15:45	ASEO
15:45 - 16:30	ACTIVIDADE NO EXTERIOR/ 3ª SAÍDA

1.2.- RUTINAS específicas da xornada:

A ACTIVIDADE LIBRE E ESPONTÁNEA; OS RECUNCHOS DE XOGO

AS ACTIVIDADES DIRIXIDAS

OS OBRADOIROS

2.- OUTRAS EXPERIENCIA GLOBALIZADORAS.

2.1.- OS CUMPREANOS

2.2.- AS FESTAS

2.3.- A EDUCACIÓN NATURAL E MEDIOAMBIENTAL

PEQUENOS PROXECTOS:

1. Eliximos un tema.
2. Recollemos as ideas previas do que os nenos/as saben dese tema.
3. Preguntámonos que queremos saber, como o imos facer.
4. Realizamos os obradoiros.
5. Recollemos o que aprendemos.

Duración: de cada proxecto farase unha sesión cada día, durante 5 días.

Os temas que se tratarán neste ano serán: as froitas máis comúns, a auga e a area.

Idade: 1-3 anos.

RECANTOS DENTRO DO PAI

RECANTO DE XOGO SIMBÓLICO

O final do período sensoriomotor , a partir do ano e medio, o adulto convertirase no centro de atención do neno/a. Este observará e imitará as súas accións ata o punto en que se convertirá nel.

O principio os xogos de imitación están ligados a obxectos "reais", de tal xeito que a miúdo pasa dunha secuencia a outra dominado por obxectos que se vai atopando.

As condutas de imitación concrétanse no xogo simbólico, cando o neno é capaz de imitar, de revivir toda unha serie de situacións sen a presenza real do obxecto, pode asumir o papel dun personaxe e substituír a acción real pola imaxinaria.

- Cociña
- Bonecos/as
- Coches e o garaxe.

RECUNCHO DE EXPRESIÓN

Este recuncho está pensado para favorecer a expresión oral que o neno/a desenvolve neste período da súa vida. Poñeremos o seu alcance toda unha serie de materiais específico, tales como contos, imaxes...

RECANTO DOS XOGOS DIDÁCTICO E LÓXICO-MATEMÁTICOS

A finalidade deste recanto é axudar a que o neno/a, mediante experiencias perceptivas, motrices e manipulativas, asimile conceptos básicos de calquera aprendizaxe.

Material:

- Bloques de madeira.
- Caixas de cartón de todas as medidas (material de refugallo).
- Caixas para gardar os diferentes elementos clasificados.
- Rolos de cartón.
- Xogos de construción comprados.
- Encaixes e puzzles.
- Xogos de ordenar (cores, formas, tamaños), de percepción.
- Bloques lóxicos.
- Outros materiais: pedras, telas,...

RECUNCHO MOTRIZ

A educación psicomotriz pretende favorecer:

- o coñecemento do corpo;
- o coñecemento dos obxectos e do mundo que lle rodea;
- o coñecemento dos outros nenos e dos adultos.

Temos que ofrecerlle o neno/a unha serie de posibilidades para que experimente co seu corpo, manipule obxectos, salte, suba e baixe,...

Material:

- Pelotas de medidas e texturas diferentes.
- Telas grandes e pequenas, rugosas, suaves,...

- Papel de periódico, revistas,...
- Mantas.
- Colchonetas.
- Tubos de cartón de diferentes medidas (de papel hixiénico, de cociña).
- Cartóns.
- Globos.
- Caixas de diferentes medidas.
- Bicicletas.
- Arrastres.

RECANTO DE OBSERVACIÓN E EXPERIMENTACIÓN (TESOUROS)

A miúdo, os nenos/as traen obxectos diversos da súa casa, da rúa: pedriñas, caracolas de mar,...

Estes obxectos convírtense nun valioso material didáctico, este recanto está especialmente dedicado a experimentar con materiais de refugallo, e tamén a reciclar os recursos para outros recantos.

En principio os nenos/as manipulan, tantean e exploran sen concretar o proxecto por realizar, fan os seus descubrimentos espontaneamente (textura, peso, ruído...). Pouco a pouco , o persoal do PAI, en pequeno grupo ou individualmente con cada neno/a, interveña para concretar a investigación. Isto quere dicir que o neno/a deberá anticipar a idea que quere levar a cabo, verbalizando as diferentes formas de solucionar o problema segundo as posibilidades que lle ofrezca o material, ata chegar mediante o tanteo e o diálogo a realizar da mellor maneira a súa idea inicial.

Material:

- Obxectos de madeira: anacos de madeira, pinzas de tender, carretes de fío, tapóns de cortiza, anelas de cortina...
- Obxectos metálicos: chaves, moldes de pastelería, tapas de botes...
- Obxectos de papel e cartón: caixas de cartón, papel de prata, rolos de papel, tambores de xabón, envases varios, repicientes para ovos...
- Obxectos de goma, plástico: anacos de tubos de goma, pelotas de tenis, cintas de cores, la, cordóns,..
- Obxectos da natureza: piñas, follas, cortiza, pedras de río,...

RECUNCHO DA AUGA

A pesar de que non se poda considerar propiamente un recuncho, polas connotacións semántico-espaciais da terminoloxía, a auga é un elemento de xogo que hai que ter moi en conta.

Independente da idade, xogar coa auga atrae a todos os nenos/as: Quen non observou os chapoteos dos

nenos/as na piscina, o pracer de salpicar nos charcos de choiva....? Algo "máxico" debe ter este elemento natural que provoca tantas sensacións.

As actividades serán tanto individuais, de xogo libre, como colectivas e propostas polo persoal do PAI: encher cousas grandes de auga e unirille diversos materiais (que floten, que afundan,...)Todas estas actividades, aparte do pracer que proporcionan, facilitan o dominio e a coordinación de xestos moi precisos (encher, baleirar, tapar, destapar, enroscar, escorrer,...); facilitan tamén hábitos de autonomía (vestirse e desvestirse), estimulan a sensibilidades e favorecen o xogo.

Material:

- Todo tipo de recipiente (de diferentes capacidades, formas, que se podan tapar..).
- Embudes, mangueriras.
- Coadoiros, botes con buratos.
- Culleres, cucharóns.
- Obxectos que floten (porexpán, tapóns de cortiza...)

RECANTO DE PLÁSTICA

Este recanto ofrece os nenos/as aqueles materiais transformables a partir da manipulación.

O importante deste recuncho non é tanto o desenvolver uns aprendizaxes específico , como potenciar ó máximo a creatividade e a libre expresión do neno/a.

Material:

- Papel de embalar de diferentes cores e medidas.
- Papel pinocho.
- Papel de aluminio.
- Cartón.
- Periódicos, revistas.
- Ceras.
- Pinturas de dedos.
- Xices de diferentes cores.
- Pinceis.
- Esponxas.
- Telas.
- Pegamento.
- Gometes.
- Lapis de cores e plastidecors.

- Fariña.
- Sal.
- Plastilina.
- Cepillos de dentes.
- Folios, cartolinas.
- Tesoiras.
- Cortiza.

As actividades que se citan a continuación repetiránse varias veces ó longo dos meses, en varias sesións sufrindo algunha modificación.

OBRADOIRO DE MASIÑA

Materials: auga, sal e fariña.

Variable: distintos colorantes alimenticios.

Poñer música de fondo.

O obradoiro realizarémolo con nenos dende un ano a tres de idade.

Duración: 30 minutos aproximadamente.

Realización: os nenos/as pónense ó redor dunha mesa, nun lado poñemos a fariña, a cal mesturamos con auga e sal ata formar unha pasta que non se pegue, despois repártese un anaco a cada un, xunto cun pouco de fariña, dáselle a cada neno/a para que a amase e diferentes moldes.

Despois de realizar este obradoiro varias veces, serán os propios nenos/as os que fagan sós a masiña.

Idade: 10 meses a 3 anos.

OBRADOIRO DE PINTURA DE DEDOS

Materials: pinceis, pintura e papel continuo

Variable: estampación con esponxas, pintar cos dedos, coas mans , con pinceis.

O obxectivo é gozar, manipular, observar e experimentar coa pintura.

Realización: colócase papel continuo sobre unha mesa ou unha parede e dáselle a cada neno unha bandexa con pintura, para pintar coas mans. Se é con pinceis, cada neno terá un vaso, xa especial, con pintura que poderán intercambiar cos compañeiros.

Duración: 30 min.

Idade: 1-3 anos.

CONTACONTOS

Materiais: conto, marionetas

Duración: 10-15 min, todos os días.

Nenos/as de 3 meses a 3 anos.

APRENDEMOS CANCIÓNS

Sentados facendo un corro e cantando varias cancións.

Todos os días repetiremos 3 cancións para que as vaian aprendendo.

Idade: 1-3 anos.

Variante para nenos menores dun ano: cantar cancións nos momentos de rutina, para ir achegándoos a música.

OBRADOIRO DE PSICOMOTRICIDADE

Material: balóns brandos de distintos tamaños, colchonetas.

Realización: poñer música movida e ir dándolles pautas para que experimenten cos balóns.

Pasados 15 min. Deitarse nas colchonetas ou alfombras e facer exercicios de relaxación, con música relaxante.

Idade: 3 meses a 3 anos.

Os nenos de menos dun ano, necesitarán a nosa axuda, para facer distintos movementos.

XOGOS POPULARES

Materiais: botellas de plástico, pintura de varias cores e area.

Realización: facemos uns bolos enchendo as botellas con area e pintándoas por fóra. Collemos unha pelota e ensinámolles a xogar.

Idade: 1-3 anos

OBRADOIRO DE PINTURA CON XELATINA

Materiais. Xelatina, auga e papel de estraza ou cartolina.

Realización: a cada neno/a dáselle unha cuncal cun pouco de auga, despois engadímolle os pos de xelatina. Unha vez feita, dámoslles o papel e deixámolles que pinten empregando as mans, o resultado é asombroso.

Idade: 1-3 anos.

ACTIVIDADE DE LAVADO DE BONECO E CACHARROS DA COCIÑA

Materials: boneco/as, uns recipientes, xabón, auga e esponxas.

Os bonecos precisan un baño e os cacharros están sucios de tanto cociñar, así que todo a gozar lavando.

Realización: cada 2 nenos comparten un recipiente con auga temperada, no que se lava todo coas esponxas e o xabón.

Idade: 10 meses a 3 anos.

ACTIVIDADE : FACEMOS UN COLLAGE

Materials: pratos de cartón, papeis de diferentes cores e texturas, pegamento de barra.

Realización: a actividade consiste en cambiar o aspecto do prato, rasgando papeis e pegándoos.

Idade: 1-3 anos.

ACTIVIDADE: FACEMOS UN MURAL CON ENGRUDO

Material: fariña, auga, papel continuo.

Realización: colocar papel continuo na mesa e preparar o engrudo mesturando fariña cun pouco de auga ata formar unha pasta líquida, xa lista poñémola en varios recipientes e a pintar (podemos engadir colorantes).

Idade: 1-3 anos.

ACTIVIDADE DE PLASTILINA

Material: plastilina blanda, roletes, moldes.

Realización: cada neno/a elixe un anaco de plastilina e manipula de diferentes formas, pouco a pouco vanse dando pautas.

Idade: 1-3 anos.

ACTIVIDADE: PINTAMOS CON XIZ

Materiais: xices de cores, papel continuo.

Realización: poñer o papel no chan e deixámoslles que pinten.

Idade: 1-3 anos.

ACTIVIDADES MUSICAIS

Todos os días durante 15-30 minutos tocarán instrumentos, cantarán cancións, bailarán, comezarán a apreciar o gusto por escoitar música.

O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A asistencia por primeira vez a un centro educativo é un feito moi significativo. Posibilita o contacto con outros nenos e nenas da súa idade e o acceso a diferentes actividades, feito que permite o seu desenvolvemento psicolóxico e social. Ó mesmo tempo, pode resultar algo delicado, porque se separa por vez primeira do seu ambiente habitual e das persoas coas que convivía sempre. Enfrontarse a un ambiente novo e estrano fai que sexa frecuente e moi normal que, sobre todo nos primeiros días, os nenos/as rexeiten acudir á escola. Por iso precisan dun *período de adaptación*.

Para facilitar todo o proceso de adaptación:

Á Incorporación progresiva. Como mínimo durante a primeira semana ir aumentando pouco a pouco os tempos de estancia e graduar a incorporación dos/as nenos/as en distintos días. Poderá aumentar este período en función das necesidades específicas de cada neno/a.

Á Evitar todo tipo de manifestacións que poidan transmitir ó neno ou nena sensación de angustia ou inseguridade relacionadas coa súa asistencia ó PAI.

Á Procurar, pola contra, transmitir expectativas positivas e interese especial por todo o relacionado coa PAI.

Á É recomendable que a asistencia sexa o máis regular posible, de tal maneira que chegue a converterse nun hábito de vida do/a neno/a.

Á A incorporación progresiva posibilitará que no PAI se lle preste unha especial atención os primeiros días, mellorando a calidade da acollida e da adaptación /relación afectiva cos/as educadores/as.

Parécenos importante avaliar a estadía dos nenos/as no PAI, para iso debemos coñecer a situación inicial dos nenos/as, precisar a situación desexada a que se quere chegar ó final do proceso, e seguir os esquemas

de desenvolvemento evolutivo.

Antes das vacacións de verán entregaranse unha pautas de observación, está claro que duns nenos/as a outros haberá variacións a pesar de ter a mesma idade, xa que haberá nenos/as que veñan por exemplo 8 horas e outros 4. (Ver anexol)

PAUTAS DE OBSERVACIÓN**DATA:**

Período de 0-3 meses	SI	NON
Mantén a cabeza erguida cando está nos brazos		
Fixa a mirada nun punto luminoso, rostro ou obxecto fixo		
Sorrí coa resposta a un estímulo		
Sostén obxectos con presión involuntaria e axítaos		
Localiza sons laterais, movendo a cabeza		
Realiza vocalizacións variadas, sons guturais e balbúceos		

Período de 3-6 meses	SI	NON
Levanta e move a cabeza cando está boca abaixo		
Xira da posición boca arriba, a posición de costado e viceversa		
Mantense sentado con axuda e apoio		
Emite sons para atraer a atención do adulto		
Sorrí ou patalea ante as persoas coñecidas ou obxectos		
Colle e suxeita os obxectos cercanos		
Vocaliza sílabas		

Período de 6-9 meses	SI	NON
Arrastrase sobre o abdome		
Mantense sentado sen apoio		
Sostense de pé con apoio		
Utiliza o polgar e o índice para a presión		

Leva alimentos a boca		
Imita palmas e movementos de adeus		
Recoñece algunha voz familiar		
Produce palabras de dúas sílabas (papá, mamá)		

Período de 9- 12 meses	SI	NON
Gatea		
Mantense de pé		
Da os primeiros pasos con axuda		
Bebe dun vaso sen axuda		
Suxeita a culler e lévaa a boca		
Colabora nos xogos de imitación		
Responde cando se lles chama polo seu nome		
Di papá e mamá con significado		
Responde a preguntas simples		
Obedece a unha orde simple		
Emprega unha soa palabras significativa, para designar algún obxecto ou persoa.		
Mete ou saca obxectos dun recipiente		
Pasa varias páxinas dun libro a vez		
Pasa e mete argolas nun soporte		

Período de 1 a 2 anos	SI	NON	ÁS VECES
Nomea e sinala partes significativas do corpo			
Mostra unha boa motricidade grosa			
Progresar na motricidade fina			
Come só algúns alimentos			
Ponse e quítase algunhas prendas sinxelas			

Evita perigos			
Gústalle explorar o medio no que se atopa			
Xoga con outros nenos durante uns minutos			
Imita accións			
Comparte algúns obxectos			
Axuda a gardar obxectos			
Saúda os outros nenos			
Disfruta ca auga e ca area			
Comprende e realiza mensaxes sinxelas			
Utiliza un vocabulario dunhas 15 palabras			
Utiliza o seu nome para referirse a si mesmo			
Responde a preguntas ¿Que é isto?			
Presta atencións durante uns minutos			
Identifica sons de animais e realiza as súas onomatopeas			
Sinala algunhas imaxes ou fotografías cando se lle nomean			
Constrúe torres de 3 ata 6 cubos			
Emparella obxectos semellantes			
Garabatea			

Período de 2 a 3 anos	SI	NON	ÁS VECES
Nomea e sinala as partes do corpo			
Desenvolve hábitos de axuda e colaboración			
Mostra unha boa motricidade grosa			
Progresna na motricidade fina			

Utiliza as súas posibilidades motrices, sensitivas e expresivas.			
Realiza liñas verticais e horizontais			
Sitúase dentro-fóra; cerca-lonxe; encima-debaixo, arriba-abaixo.			
Adquire hábitos de hixiene, alimentación e descanso.			
Sabe o nome do persoal do PAI			
Sabe o nome dos seus compañeiros			
Sabe o nome de obxectos que utiliza normalmente.			
Respecta as normas de convivencia			
Observar as características das estacións			
Nomea algún animal doméstico			
Disfruta ca auga e ca area			
Comprende e expresa mensaxes sinxelos			
Presta atención durante uns minutos			
Di o seu nome e o observa escrito			
Identifica sons de animais e realiza as súas onomatopeas			
Discrimina ás cores: amarelo, vermello, azul, verde			
Identifica propiedades dos obxectos: aberto, pechado, longo, curto			
Discrimina formas: redondo, cadrado			
Utiliza cuantificadores: moitos-poucos			
Identifica a cantidade e a grafía dos números: 1 e 2			
Realiza sinxelas clasificacións			